

OBRADOIRO DE MÚSICA
Proposta de actividades

1- PROCURAMOS A NOSA CANCIÓN

(Vale calquera canción, neste caso imos traballar con: *A saia da Carolina, Ondiñas veñen, Ven bailar Carmiña*)

PROPOSTA XERAL:

É un xogo de presentación que serviría para calquera docente en calquera materia.

O obxectivo é romper o xeo e dividir o grupo grande en grupos máis pequenos.

Non é un xogo tradicional en si mesmo, senón un xogo con música tradicional, inventado para poder xogar mentres se fan grupos.

PROPOSTA MUSICAL:

Asignamos unha canción a cada persoa. Hai moitas maneiras de facelo; preparamos tantas follas de papel como número de participantes e dividímolos en tantos grupos como queiramos facer. Nelas escribimos os títulos das cancións, unha para cada grupo de papeis. Dobramos os anacos de papel e repartímolos. Cada participante camiña pola sala co seu anaco de papel e cantando a súa canción o máis alto posible. Sempre paseando pola sala. Cando se atopen con outra persoa que estea cantando a mesma canción deberán seguir pola sala collidos/as da man. E así ata que todo o mundo atopa o seu compañeiro e se forman os grupos previstos.

Para rematar cada grupo interpreta a súa canción para os grupos restantes.

Aparecen moitas variantes que complican ou simplifican a actividade:

- Ollos vendados.
- Tarareando, xa que ao eliminar a letra, pérdese unha pista, o que fai o recoñecemento máis complexo.

2- OS RECITADOS E OS XOGOS DE SORTES

Os Recitados: Os recitados teñen máis connotación poética que musical, para quen non queira ver o lado musical da poesía, pero está claro que a propia fala, a entoación, as combinacións silábicas... son música.

Os xogos de Sortes: Son xogos previos aos xogos en si, hai moitas modalidades, os de elección ditrecta, de eliminación, cantados... No desenvolvemento de calquera actividade de clase de calquera día hai que elixir en moitas ocasións quen le, quen forma parella con quen... e por que non facelo a partir dun xogo de sortes? Non leva moito máis tempo que dicir un número, e resulta máis divertido, máis emocionante e máis educativo.

O realmente interesante, é facer dende o comezo de curso unha recollida por parte do alumnado, con gravación incluída, que nos permitirá elixir sen ter que tomar nós a decisión, e que ademais traerá á aula por un momento ao avó (ou quen sexa) do rapaz que nolo transmitiu.

Dependendo do nivel educativo no que nos atopemos, e do que pretendamos coa actividade, podemos a partir da gravación dos recitados ou cancións, propoñer ao alumnado a transcripción, o que o obriga a ter control dun programa de edición de partituras e un coñecemento importante da linguaxe musical, así como afinar ben o oído.

*Pebida, pebidón,
catro pitas e un capón;
o capón estaba torto
e as pitiñas polo horto.
Tris-tras,
mariñeiro, fóra estás...*

*Leite de cabra,
leite de besta;
dixo miña nai
que estaba nesta...*

*Rabo de boi
Rabo de besta,
dixo meu pai,
que estaba nesta.*

Pelo gato

Vinte catro

Un dous

Xogo de sortes para as agachadas



Pin-to Pin-to gar-ga-ro-vin-to te-ño un boi de vin-te-cin-co un-ha va-ca que es - tá ba-ra-ta



a pi-llar, dá a vol - ta ben - re - don - da e - se ne - no que se es - con - da.

□	Pinto pinto	□	a pillar
	gargarovinto		da a volta
	teño un boi		ben redonda
	de vintecinco		ese/s neno/s
	unha vaca		que se esconda/n.
	que esta barata		

Recollido por : Alba Casal Vázquez, 1º ESO

Transcripción: Alumnado de 1º BAC (IES de Melide. Curso 2009-2010)


Xogo de sortes.



Recollido por: Manuel Penín.

Transcripción: Alumnado de 1º BAC (IES de Melide. Curso 2009-2010)

Pita cega



Recollido por: María González Vázquez.

Transcripción: Alumnado de 1º BAC (IES de Melide. Curso 2009-2010)

3- OS XOGOS DE RODA

Son as manifestacións musicais que se poden apreciar nas culturas máis primitivas, sempre en corro, sempre arredor de algo, e moitas veces, simplemente seguindo un ritmo, sen máis. Os bailes máis modernos, aínda que desenvolvidos, presentan tamén, na súa maioría, algún corro na súa coreografía (mesmamente o baile galego).

AS ABELLIÑAS DE SAN MIGUEL

The image shows a musical score for the song 'As Abelliñas de San Miguel'. It consists of three staves of music in a treble clef, with a key signature of two sharps (F# and C#) and a 6/8 time signature. The lyrics are written below the notes.

As á - be - li - ñas de San Mi - guel an - dan
to - das da - re - dor do mel, e de mel e de me - la - cha que se
vi - re Ma - rí - a de ca - chas, Ás á - be - ca - chas.
vi - re Pe - dro

Fonte: *Chirlosmirlos*. Antón Cortizas

ACHÚMBALA CALACACHÚMBALA

A e - se que_es-tá no me-dio, cacu - lle o pa-no_e-le - gan - te non
o que-re re-co - ller por-que_es - tá a mo - za diñi - te. A - chúm-ba-la ca-la-ca-
chúm-ba-la a - chúm-ba-la do po-li - són, a - chúm-ba-la que xa ten
mo - zo, a chúm-ba-la que xa ca - sou. As ra - pa-ri - gas de_a-
go - ra ñin - che que non be-ben vi - ño, de - bai - xo do po - li -
són le - van o xe - ro_es - con - di - do.

Fonte: *Chirlosmirlos*. Antón Cortizas

- AI CIBRÁN A QUEN LLE POS O PANO (Libro de música de 2º ESO. Galinova)

4- TRABALLANDO OS RITMOS TRADICIONAIS A PARTIR DO XOGO

O obxectivo desta actividade é traballar os diferentes ritmos do noso folclore utilizando recursos da nosa cultura, e todo iso a modo de xogo. Baseámonos principalmente en xogos de percusión corporal, de xeito que traballamos a expresión rítmica e corporal, expresión vocal (xa que o punto de partida en moitos dos casos é a lingua, por ser unha ferramenta moi válida á hora de interiorizar os tempos débiles e fortes), linguaxe musical, análise musical, práctica instrumental.

A MUIÑEIRA

Na proposta que se describe, preténdese dar a coñecer en todas a súas dimensións a muiñeira, danza tradicional galega.

Esta actividade serve para introducir tamén a notación e lectura do compás de 6/8. Interiorízase o ritmo de muiñeira e a súa escritura habitual, así como todos os trazos que permiten identificala en notación formal, auditiva e musicalmente.

Como punto de partida, buscamos un recitado que por si mesmo produce o ritmo da muiñeira, o *TANTARANTÁN*, pois nel tan só con pronunciar as sílabas, sae a escena o ritmo de muiñeira. Probablemente fose un recitado construído coa influencia, intencionada ou non, deste ritmo tan popular e representativo da nosa música.


- *Tantarantán... para onde vas vella?*
- *Tantarantán... vou para Pontevedra.*
- *Tantarantán... que vas buscar?*
- *Tantarantán... unha carga de sal.*
- *Tantarantán... para que é o sal?*
- *Tantarantán... para facer o caldo.*
- *Tantarantán... para que é o caldo?*
- *Tantarantán... para llo dar ás vellas.*
- *Tantarantán... para que son as vellas?*
- *Tantarantán... para sachar o millo.*
- *Tantarantán... para que é o millo?*
- *Tantarantán... para llo dar ás churras*
- *Tantarantán... para que son as churras?*
- *Tantarantán... para poñer os ovos.*
- *Tantarantán... para que son os ovos?*
- *Tantarantán... para llos dar ao crego*
- *Tantarantán... para que é o crego?*
- *Tantarantán... para dicir a misa. .*
- *Tantarantán... para que é a misa?*
- *Tantarantán... para subir ao ceo...*

- Lectura do texto aumentando a velocidade pouco a pouco. Debemos ter en conta que ademais que este recitado é dialogado, polo que uns poden preguntar mentres outros responden.
- Recitamos todos xuntos e acompañamos a primeira palabra de cada verso con golpes de mans nas mesas ou pernas de xeito que damos un golpe ao tempo con cada sílaba. De novo empezamos a modo para ir aumentando a velocidade.


Xa estamos percutindo o ritmo de muiñeira.

- Ritmos coas mans ou baquetas:

1º



2º



- Imos aumentando a dificultade, introducindo variacións rítmicas; dependendo do nivel do alumnado e das idades para as que traballemos, quedaremos no primeiro punto ou chegaremos ata o final.
- Se temos o material e un grupo de alumnado axeitado, podemos intentar marcar o ritmo con pandeiretas para achegarnos aínda máis á realidade da muiñeira.
- Podemos completar a actividade cunha representación gráfica sobre o texto, xa que ademais de suxerir un ritmo, conta unha historia.
- Transcribimos o ritmo coa indicación de compás correspondente. Introducimos variacións rítmicas sobre o papel que levaremos despois, realizando o proceso inverso do traballado ata o de agora, as palmas.
- Traballamos a audición de diferentes muiñeiras interpretadas por diferentes grupos de música galega, que ademais nos permiten coñecer o panorama musical e as diferentes versións da mesma peza ou dos mesmos ritmos.

5- OS XOGOS DE CORDA

Os xogos de corda, igual que a goma, sempre levaron consigo cancións ou recitados que axudan a coordinar os saltos, pois a corda marca un ritmo que nos indica cal é o momento no que debemos saltar. Nalgúns casos, incluso nos indica os movementos que debemos facer coa corda ou coa goma.

Deberíamos aproveitar dende a aula de música este recurso que nos ofrece o xogo.

Rei, rei, cantos anos durarei,

Vintecinco non o sei:

Un, sou, tres, catro

Cinco, seis, sete....

6- XOGOS RÍTMICOS

Preténdese con estes xogos, afianzar o sentido do ritmo, a compenetración, o traballo en equipo, a práctica vocal, e a coordinación das diferentes destrezas.

O xogo consiste en utilizar un obxecto calquera que se teña á man: pedras, tacos de madeira, estoxos... e facer un círculo cos rapaces/zas sentados no chan. Se fosen moitos, poderíanse facer dous círculos, ben concéntricos (sendo o de dentro máis pequeno) ben independentes.

Establécese un ritmo que cada un marcará a tempo co seu obxecto contra o chan, ese será o metrónomo que se escoitará durante toda a canción. Unha vez conseguido que todos os obxectos batan a un tempo no chan, establécese unha dirección de xiro, neste caso, a man dereita coa pedra (ou o que sexa) desprazaraa cara a dereita para deixarlle alí ao seu compañeiro, e coa mesma man collerá a que lle deixaron a el diante; deste xeito, as pedras irán xirando a tempo cara a dereita, sen que unha persoa poida ter máis dunha pedra, e sempre, en cada tempo, cada rapaz terá que deixar unha pedra e coller outra nova.

Propoñemos esta canción para facelo:

La vai unha

La vai unh - a la van dú - as tres pom - bi - ñas a vo - ar, unh - a é

mi - ña ou - tra_e tú - a e_ou - tra de quen a_a - pa - ñar.

Buscamos unha melodía tradicional que nos permita facer algo similar ao anterior pero máis complexo:

Na outra beira do río



Na ou-tra bei - ra do rí - o chi-ri - vi-ri-ví ca-ra-col ca-ra-col can - ta - ba_o sa - po.

E noseucan - tar di-cí - a chi-ri - vi-ri-ví, ca-ra-col ca-ra-col ai que te pa - po.

Na outra beira do río
chiriviriví caracol caracol
cantaba o grilo.

E no seu cantar dicía
chiriviriví caracol caracol
fai moito frío.

Todo é igual que co exemplo anterior, aínda que agora, onde se canta “caracol, caracol” a pedra irá cara a dereita, pero no canto de quedar alí para que a recolla o compañeiro, non é soltada e volve cara a esquerda, así dúas veces. Será no comezo da estrofa cando todo volva á normalidade.